| - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. |

| Contidos |
|---|
| - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.<br>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | Lingua latina V | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio. | PE | 44 |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | Traducir ou interpreta textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada. | | |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | Amplíar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente. | TI | 56 |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.<br>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O método de ensino de Latín que se empregará para 4.º de ESO incide na aprendizaxe activa e intuitiva da lingua segundo se detalla deseguido.
Partimos dunha situación particular dado que esta materia -optativa- no presente curso é nova para todo o noso alumnado dado que ningún cursou Cultura Clásica.
A programación que propomos segmenta o curso en dúas partes de desigual duración. Os primeiros 4 temas están centrados en aspectos de historia, cultura, tradición, arte e historia da lingua. O seu obxectivo é consolidar contidos que o alumnado, en teoría e na súa meirande parte xa coñece, polo seu tratamento noutras materias. Agora cómpre actualizalos e, sobre todo, aprender a relacionalos.
Referente ao desenvolvemento das once unidades didácticas en que se estrutura esta programación, cómpre sinalar: a UD1 préstase para a utilización dunha metodoloxía mixta en que se mesture a explicación da profesora cos traballos e/ou actividades dirixidas. A elaboración de esquemas básicos de temporalización da historia de Roma ou das clases sociais, son especialmente aptas para que o alumnado utilice aplicacións ofimáticas que lle permitan presentar esquemas ou liñas de tempo en formato electrónico. A comparación e reflexión sobre as diferenzas entre o mundo antigo e o moderno favorece a creación de traballos de reflexión escritos ou ben de debates guiados pola profesora. Os contidos desta UD pódense tratar nunha unidade didáctica, como se propón aquí, ou distribuílos entre outras intercalándoos noutros temas, se fose o caso.
A UD2 céntrase na literatura. A profesora fará unha breve presentación dos xéneros literarios do mundo antigo e proporá unha escolma de fragmentos de lectura, que despois aproveitará para traballos de reflexión ou debates, véxase a comparación entre os xéneros literarios modernos e os clásicos. Realizaranse tamén comentarios de textos, en que se aproveite todos os coñecementos adquiridos en materias como Lingua Castelá ou Lingua Galega. Apostaremos pola lectura de pezas teatrais ou de poesía intimista que traten temas como as contradicións do amor, o paso do tempo etc., que sirvan para conectar co alumnado destas idades.
A UD3 fornecerá ao alumnado unha visión de conxunto do latín (sincrónica e diacronicamente). Combinarase a explicación na aula con propostas de traballos en grupo ou individuais. A explicación das relacións das linguas do mundo e de Europa e a Península Ibérica realizarase dun modo breve por medio de exercicios de aula. É fundamental que o alumnado comprenda a relación das dúas linguas da nosa Comunidade, galego e castelán, co latín a través dos conceptos de étimo, palabra patrimonial, palabra culta, semiculta e latinismo. Para isto propoñeranse exercicios onde teñan que distinguir os tipos de palabras previamente mencionados. Finalmente, é preciso que o alumnado, a través da práctica, desenvolva estratexias de reconstrución de palabras latinas a través dos seus resultados románicos. A UD3 tamén é importante porque aquí o alumnado debe tomar un primeiro contacto coa fonética da lingua latina.
A UD4 servirá para explicar ao alumnado a grande cantidade de material lingüístico que utiliza diariamente na súa lingua e que está tomado directamente do latín. Aprenderáselle ao alumnado o valor etimolóxico das raíces presentes en moitas palabras das linguas de referencia con exercicios específicos. Esta unidade didáctica poderá ser secuenciada ao longo do curso e vinculada a outras.
A UD5 é unha unidade de repaso, consolidación e reorganización de conceptos teóricos que o alumnado trae doutras materias. O alumnado deberá dominar unha serie de conceptos teóricos morfo-sintácticos que repasaremos: tipos de palabras, concepto de categoría gramatical, categorías gramaticais, diferenciación entre morfoloxía e sintaxe, funcións básicas das palabras, concepto de oración composta, diferenza entre coordinación e subordinación, tipos básicos de coordinación e subordinación etc. A isto hai que sumar, como novo, o concepto de caso e declinación, que achegaremos dun modo simple.
A UD6 supón o primeiro contacto do alumnado coa lingua latina dun modo real e funcional. Aínda que neste modelo de programación aparece secuenciada entre a parte teórica e a práctica, pódese traballar desde o principio progresivamente, para que o alumnado dende o comezo do curso empece a utilizar expresións en latín relacionadas, fundamentalmente, coa vida escolar.
Da UD7 a UD 11 centrarémonos no tratamento dos contidos lingüísticos da materia. Propoñemos aquí un achegamento con base nos métodos de aprendizaxe activa. É por iso que fixemos unha escolma de textos de dificultade progresiva, coa finalidade de que o alumnado poida ler e comprender. A lectura de textos irá acompañada de exercicios orais e escritos de comprensión e expresión. En todo caso, ao final de cada unidade didáctica levaremos a cabo unha sistematización da gramática e do vocabulario explicados.
Ao final do curso, o alumnado deberá coñecer e manexar con certa soltura: 1) a flexión nominal en todos os seus casos de substantivos e adxectivos da 1.ª e 2.ª declinación; 2) os pronomes persoais e o interrogativo; 3) a flexión verbal no modo indicativo nos tempos de presente e imperfecto e o imperativo de presente dos verbos das catro conxugacións, e máis os verbos sum, eo e fero; 4) o maior número posible de preposicións, adverbios e conectores de uso frecuente.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
| --- |
| LIBRO/S DE TEXTO |
| - Método tradicional ou gramaticalista: calquera libro de calquera editorial que oferte libro de latín para 4.º de ESO. |
| - Métodos activos: |
| a) Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; co libro correspondente de exercicios (Exercitia Latina I). |
| b) Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022. |
| c) Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017. |
| d) Le Latin, de C. Desessard, 2015. |
| e) Curso de latín de Cambridge, editado pola Universidad de Sevilla. |
| AULA VIRTUAL |
| ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL |
| APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE |
| REDES SOCIAIS |

Empregarase preferentemente a plataforma AULA VIRTUAL do CPI de Vedra e como material complementario o libro de texto 4.º ESO Latín (Ed. Anaya). Para as actividades de reforzo e ampliación utilizaranse Latín 4. ESO da Ed. Santillana e Latín de otra manera da Ed. Edebé.

Tocante aos libros de lectura, propoñemos Latin lovers de Emilio del Río (2019) ou Hotel Roma.Turismo en el imperio romano de Fernando Lillo Redonet, obrigatorios. Poderanse ler voluntariamente libros incluídos no documento RECOMENDACIÓNS LECTORAS 1 e 2 que figura na Aula virtual do centro.

Cada alumno/a dispón dun ordenador individual. Na aula ordinaria complétase co portátil de aula da profesora, o proxector e o taboleiro dixital. En todas as clases se usa acotío este material. O noso alumnado está afeito a traballar con programas e/ou aplicacións ofimáticas que lle permitan elaborar presentacións, liñas de tempo, textos con imaxes etc.

Dispoñemos de acceso ás redes a través do proxecto do EDLG, Vedra medra (en funcionamento desde hai 7 cursos) e que dirixe e coordina a profesora de Latín.

A aula virtual é o noso espazo de referencia e inclúe:

- a programación completa da materia desagregada por trimestres (documento en que figuran contidos por bloques, recursos, calendario de exames e libros de lectura).
- as recomendación lectoras e guías de lectura.
- recursos web ligados para reforzo e ampliación de contidos e exercicios específicos
- dicionarios de latín on line, vocabularios básicos e conxugador verbal
- webs clásicas na materia: ex. culturaclasica.com
- pósters con vocabulario básico e fórmulas de comunicación básica (saúdos...)
- vídeos explicativos (teoría e práctica de tradución)
- actividades en liña para revisar Gramática
- actividade do grupo de traballo desta materia no CPI de Vedra, HIC ET NUNC co que colaboramos coa revista dixital do centro, Fiadeiro.
- Proxectos trimestrais da materia: P1. A fundación de Roma, mito e lenda. Eneas. A obra escultórica de Bernini. A galería Borghese de Roma; P2. Píramo e Tisbe. Taller de graffiti amorosos; P3. Hércules, mitoloxía. A Gallaecia romana: a torre de Hércules.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial emprégase adoito para diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado. Porén esta materia de Latín en 4.º de ESO non é continuación de ningunha outra cursada en cursos anteriores. Tampouco ningún alumno/a da clase cursou Cultura Clásica en 3.º de ESO.
Neste contexto, a avaliación inicial, terá como obxectivos:
1.º Coñecer cales foron as motivacións que levaron o alumnado a escoller a materia de Latín.
2.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a lingua latina e a civilización e cultura romana.
3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (de cara a un posterior contraste co Departamento de Orientación). Enténdese pois como factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente no caso de detectar alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Para alcanzar estes obxectivos, elaboramos unha proba que o alumnado tivo que completar nas dúas primeiras sesións de clase. Esta complementámola cun diálogo informal na aula. A información máis salientable tirada destes dous referentes recolleuse por escrito.
Os datos obtidos nesta avaliación inicial serán os indicadores que apunten cal é o punto de partida para adaptar ou reformular a programación ás circunstancias particulares do grupo.
O resultado da proba inicial comentaráselles aos titores de cada alumno/a. Será este o encargado de facilitarlles ás familias a información máis salientable da avaliación inicial, explicándolles e lembrándolles que non se trata dunha proba de avaliación e que non ten valor porcentual na nota final da materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **5** | **5** | **2** | **5** | **7** | **11** | **12** | **15** |
| **Proba escrita** | 35 | 40 | 0 | 50 | 100 | 5 | 66 | 38 | 38 | 41 |
| **Táboa de indicadores** | 65 | 60 | 100 | 50 | 0 | 95 | 34 | 62 | 62 | 59 |

| Unidade didáctica | UD 11 | Total |
|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **18** | **100** |
| **Proba escrita** | 44 | **40** |
| **Táboa de indicadores** | 56 | **60** |

**Criterios de cualificación:**

Co obxectivo de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial, nesta programación apostouse por unha didáctica en que lle dá importancia ao desenvolvemento de proxectos e actividades que poñen en valor a lingua oral.
Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario

cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.
- Referente á cualificación trimestral:
A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.
Se a cualificación é igual ou superior a 5 puntos poderanse sumar ata 1 punto por actividades voluntarias.
- Referente á cualificación ordinaria:
Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.
- Referente á cualificación final:
O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.
- Sobre a avaliación continua:
Cada trimestre farase unha proba escrita como mínimo. Ademais, tamén se realizará unha proba oral (presentación, vídeo...) relativa ao proxecto trimestral e/ou a outros traballos de aula relacionados con contidos históricos, sociais ou culturais de Roma.
Deseguido especifícanse os instrumentos de avaliación que se empregarán:
a) Proba escrita:
Realizaremos unha por avaliación en que os/as alumnos/as deberán demostrar que acadaron os mínimos establecidos en cada unha das unidades.
4.º ESO Latín: 4 puntos ...40% da nota
- En cada proba indicarase a puntuación total do exame e en cada cuestión, desagregado, o valor de cada unha.
- Na cualificación das avaliacións, se for preciso, aplicarase o seguinte criterio para o redondeo das notas: se o primeiro decimal é inferior a 5, a nota redondéase á baixa: un 3,4 quedará en 3. Pola contra, se ese primeiro decimal é 5 ou superior a nota redondéase á alza: un 5,5 será un 6; un 7,60 sería un 8. No caso de que a nota sexa entre 4 e 5 (sobre 10) a nota será suspensa.
b) Proba oral:
Cada trimestre o alumnado realizará un proxecto e/ou un traballo de investigación que terá o valor de 1 punto. Constará dunha investigación previa escrita, que logo se elaborará e se exporá oralmente na aula.
4.º ESO Latín: 1 punto ... 10% da nota
O alumnado terá que demostrar competencia na lingua en que fai a súa exposición na aula, preferentemente realizada en galego. Farase un seguimento do uso da lingua tendo en conta a fluidez do discurso, o emprego do rexistro adecuado etc.
c) Traballo na casa e traballo de aula:
4.º ESO Latín: 2 puntos ... 20% da nota
Traballo na casa: Contabilizarase con positivos e/ou negativos (en caso de traballo a medio facer) os exercicios das fichas de traballo e en liña, redaccións, resumos etc. que se manden facer na casa. De facer todo o encomendado, terá a máxima puntuación, 1 punto. Restarase 0,1 por cada vez que se teña rexistrado que non se realizou o traballo indicado.
Traballo na aula: O profesor levará rexistro do traballo feito polo alumnado na aula diariamente. De facer todo o encomendado, terá a máxima puntuación, 1 punto. Restarase 0,1 por cada vez que se teña rexistrado que non se realizou o traballo indicado.
Nesta sección valorarase o esforzo e capacidade de traballo do/a alumno/a.
c) Caderno e cartafol:
Valoraremos o interese que demostre o noso alumnado por ter un caderno e un cartafol ordenados e con todas as actividades realizadas e revisadas.
4.º ESO Latín:  1 punto ...  10 % da nota
Quen teña todos os exercicios feitos, corrixidos (tanto os realizados na aula como na casa) no caderno e as fichas seriadas cronoloxicamente por data de entrega e cunha presentación limpa e ordenada no cartafol levará 1 punto (desagregado, caderno 0, 5 + cartafol 0, 5).
Neste curso en 4.º ESO. Latín o caderno entenderase como unha creación persoal e intransferible. Polo tanto deberá manterse ben ordenado e coa adecuada presentación (espazos, marxes, títulos, corrección lingüística, limpeza, datas, ...) e recoller as tarefas que se vaian realizando, tanto na clase como na casa, debidamente corrixidas e revisadas. Ademais disto, no caderno débese anotar información derivada das clases (apuntamentos). Esta parte do caderno será persoal, completa, reflexiva, e correcta lingüisticamente.
g) Tarefas e lecturas voluntarias:
4.º ESO Latín:  2 puntos ... 20 % da nota
O alumnado tamén poderá obter unha porcentaxe da nota mediante a realización doutras tarefas á parte do traballo ordinario.
Contabilizarase con positivos o traballo extraordinario que realice o alumnado, que terá o valor de un positivo, se o

traballo, tarefa, intervención etc. o merece.
Tamén se contempla a posibilidade de colaborar mensualmente coa revista escolar dixital Fiadeiro redactando noticias relacionadas coa actualidade relativas á materia (achados arqueolóxicos, recursos dixitais ou publicacións de interese, espectáculos etc.) Poderán acadar un máximo de 1 punto.
No caso de facer lecturas opcionais, entre as propostas pola profesora, e que constan xa nunha listaxe na Aula virtual, deberán traer un resumo amplo por escrito ou realizar unha proba oral de control de lectura. Co libro diante, formularanse preguntas curtas para determinar se leu o non o libro. Poderán acadar un máximo de 1 punto (2 libros - 0,5 puntos por cada libro).
De cara á recuperación e/ou mellora de resultados da 2.ª avaliación: cómpre advertir que en tanto que na 3.ª avaliación se volven tratar os contidos da 2.ª e que serve de recuperación da 2.ª, no caso de que a cualificación obtida na 3.ª avaliación sexa superior á da 2.ª, procederase a substituír a cualificación orixinal da 2.ª avaliación pola da 3.ª.
Consideramos que a cualificación final debe reflectir, cando menos no que atinxe aos contidos lingüísticos, o coñecemento destes cando remata o curso. Así pois, se un alumno obtén na 2.ª avaliación un 4, por exemplo, e na 3.ª un 7, en tanto que a 3.ª avaliación repasa e traballa de novo os contidos da 2.ª, hase proceder a modificar o 4 orixinal por un 7, para que o alumnado non se vexa penalizado.
Criterios de cualificación e corrección:
-Proba escrita:
Os exames constarán dun número de exercicios que oscilará entre 4 e 8 cuestións (con puntuación de 1 punto , 0,8 puntos, 0,6 puntos ou 0,5 puntos) e serán valorados sobre 4 puntos. Cada exame terá indicado sobre canto está puntuado e cada pregunta levará adxunta a puntuación -individual- que lle corresponde.
-Proba oral:
En cada proba oral, a profesora faralle un máximo de 4 preguntas a cada alumno/a que terán un valor de 0,25 cada unha delas (total 1 punto).
O alumnado terá que demostrar competencia na lingua en que se expresa na aula e nas actividades relacionadas coa materia; farase daquela un seguimento do uso da lingua (discurso fluído, emprego dun rexistro adecuado, evitar incorreccións...).
-Traballo na aula e na casa:
O alumnado debe mostrar interese pola materia colaborando activamente na clase facendo os exercicios que a profesora manda, presentándose de xeito voluntario, preguntando dúbidas etc. Isto verase reflectido no caderno do profesor cunha anotación de positivos e negativos.
Observación na aula. Nestes casos o traballo da clase puntuarase con positivos ou negativos, cada un deles cun valor de 0,1 puntos, sexa para sumar ou para restar.
Referente ao traballo na casa: contabilizarase con positivos e negativos os exercicios do caderno, resumos, traballos etc. que se manden facer na casa. A profesora revisará o caderno para comprobar que se fixeron os exercicios, por cada vez que non se traian feitas as tarefas da casa terase un negativo.
O/a alumno/a que teña máis de catro negativos por tarefas da casa non poderá aprobar a avaliación, aínda que aprobe o resto dos apartados. En caso de que non se apunte nada, o alumnado terá a puntuación completa neste apartado. Se hai positivos e negativos farase unha media proporcional.
O/a alumno/a deberá ter os exercicios -feitos e corrixidos- tanto os realizados na aula como na casa. En caso de que non se apunte nada negativo, o/a alumno/a terá a puntuación completa neste apartado (2 puntos).
-Caderno e cartafol:
Deberán estar limpos, completos e ordenados cronoloxicamente. Serán obxecto de revisión. No caso de cumprir as condicións anteriores, o/a alumno/a terá a puntuación completa neste apartado (1 punto).
-Tarefas e libros de lectura voluntarios:
Poderanse ler dous libros de lectura voluntarios por avaliación e faranse dúas probas que poden ser orais ou escritas para verificar se se fixo a lectura. Outorgarase unha nota Apto/Non apto, é dicir, que traduza se leu ou non e a puntuación total deste apartado será de 1 punto (0, 5 puntos por cada libro lido).
As tarefas voluntarias poden ter carácter individual ou realizarse co grupo clase (colaboración periódica coa revista dixital do centro coa elaboración e edición das noticias) ou pequeno grupo. Serán puntuadas cun máximo de 1 punto.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será obxecto dun programa de recuperación específico.
O/a alumno/a recibirá un breve informe cos obxectivos non alcanzados na avaliación, o procedemento para os recuperar (ben mediante proba, ben mediante traballo e/ou exercicios) e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios.
No caso de que a avaliación non superada sexa a 2.ª, o alumnado recibirá un plan de traballo específico servindo as

probas da 3.ª para recuperala.
No tocante á recuperación dos proxectos trimestrais, procederase do seguinte xeito:
- Ao longo do 2.º trimestre, no prazo establecido pola/o docente, o alumnado que suspendese ou non realizase as actividades do proxecto do 1º trimestre poderá volver entregalas para a súa recuperación.
- Ao longo do 3.º trimestre no prazo establecido polo docente o alumnado que suspendese ou non realizase as actividades do proxecto do 2º trimestre poderá volver entregalas para a súa recuperación.
-No mes de xuño, no prazo establecido polo docente, o alumnado que suspendese ou non realizase as actividades do proxecto do 3º trimestre poderá entregalas para a súa recuperación.
Se unha/un alumna/o non aproba o curso na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe en que se detallen os obxectivos non alcanzados, o procedemento para os recuperar e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.
Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».
No alumnado que cursa a materia de Latín, non temos repetidores mais si se detectou alumnado con NEAE. Cómpre ter en conta, así mesmo, ao longo do curso e examinados os trazos definitorios do alumnado e a dinámica de aula, pode que sexa necesario aplicar medidas de atención ordinarias á diversidade como colocación selectiva, agrupamentos específicos ou asignación diferenciada de tarefas do alumnado dentro da aula.
Referente aos plans específicos personalizados, valoraranse, de ser o caso, a aplicación de medidas concretas de apoio. Para o/a alumno/a con diagnose TEA propoñemos unha intervención educativa en que teremos en conta:
a) A súa colocación na aula preto das fontes de información (da persoa docente, do encerado, etc.), tratando de evitar posibles elementos de distracción (ruído nos corredores, luces escintilantes, zonas de paso para papeleira etc.).
b) A eliminación da hiperestimulación visual (excesos de debuxos, mapas, etc.), evitando que poida actuar como elemento de distracción.
c) A atribución de significado a accións que non son intencionais para facelas funcionais (parar diante dun obxecto e miralo, mirar cara a algo, etc.).
d) O uso dun horario individual onde figuren, de forma visual, a área ou materia e quen a imparte.
e) O rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.
f) O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
g) A coordinación de pautas comúns con todos os profesionais.
h) O uso axeitado dos recursos tecnolóxicos (TIC), polo seu potencial para decodificar unha información, para estimular as distintas vías sensoriais e para motivar, todo o que facilita o procesamento cognitivo.
i) O uso de explicacións adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento e estratexias de encadeamento cara atrás (apoio total ao principio e ir retirando os apoios paulatinamente).
k) O desenvolvemento de habilidades motoras finas e grosas, utilizadas para o desenvolvemento de actividades funcionais apropiadas á súa idade.
n) O desenvolvemento de habilidades de organización independente e outros comportamentos que son a base do éxito en aulas de educación ordinaria (por exemplo, realizar unha tarefa de forma independente, seguir instrucións grupais, pedir axuda, etc.).
ñ) O reforzamento do bo desenvolvemento dos "puntos fortes" do alumnado con TEA, xa que fomentan a mellora da autoestima e a consideración por parte do profesorado e dos compañeiros e das compañeiras.
o) Un currículo que potencie o desenvolvemento das funcións cognitivas, que lle permitirán acceder ao mundo social (comunicación social -adaptación da comunicación ao contexto e ás persoas, competencias lingüísticas semánticas e pragmáticas-, habilidades mentalistas -capacidade para "ler as mentes"-, habilidades sociais -imitación, iniciativas e

resposta social a adultos e iguais-, xogo paralelo e interactivo con iguais, etc.), regulación emocional, xogo e imaxinación e flexibilidade e adaptación aos cambios.
p) A vixilancia e atención que hai que prestar a posibles situacións de abusos, acoso, etc., xa sexa por informacións do propio centro xa por informacións facilitadas polas familias.
Para unha óptima atención do/a alumno/a dentro da aula, consideraremos:
a) A oferta dun ambiente moi estruturado, predicible e fixo, onde o/a alumno/a saiba en todo momento o que vai acontecer.
b) As estratexias comunicativas que utiliza, os aspectos que se queren traballar e as axudas que precisa, tratando de potenciar ao máximo a autonomía persoal.
c) A distribución do espazo en diferentes zonas, onde estea clara a actividade que se desenvolve en cada unha e os materiais que se utilizan. Se fose preciso, crearase un espazo libre de distraccións para realizar as tarefas.
d) A axuda permanente de elementos visuais comprensibles.
e) Que se proporcionen ou anticipen indicacións axeitadas e comprensibles do que vai acontecer.
f) A promoción de valores de convivencia, comprensión e respecto polas diferenzas e colaboración no grupo/clase.
g) A utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro, motivadoras e que eviten a dependencia excesiva.
h) A redución ou eliminación dos elementos de distracción, procurando un ambiente de traballo que facilite a concentración.
i) A utilización dunha linguaxe clara, precisa (de poucas palabras) e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías.
l) A promoción do traballo colaborativo (con grupos reducidos), dando consignas claras do que se vai traballar.
m) A axuda permanente por parte do profesorado titor na organización das tarefas que, de ser o caso, leve para a casa, así como na organización da axenda e dos materiais que precise para cada tarefa, sempre en colaboración coa familia.
n) O uso de esquemas e mapas conceptuais como apoio ás explicacións, resaltando o relevante.
ñ) A presentación das tarefas unha vez captada a atención do alumno ou da alumna.
o) A utilización de estratexias de moldeamento por parte do profesorado, coidando o encadeamento das situacións ou propostas de aprendizaxe.
p) A descomposición das actividades en pequenos ítems, con uso de apoios visuais que informen dos pasos que cómpre dar para realizar a tarefa.
q) O uso de sinais acústicos e visuais para a estruturación dos tempos na aula (de traballo, de descanso, de lecer cando son pequenos ou pequenas, de asemblea, etc.).
r) A atención aos problemas no procesamiento sensorial, tanto por hipersensibilidade como por hiposensibilidade ou por dificultades na integración da información sensorial (auditiva, visual, vibro-tactil, vestibular, nocicepción -percepción da dor-, etc.).
s) A garantía de que se comprenden as ordes e normas xerais da aula.
Desenvolveranse, de ser o caso, actividades de ampliación para os alumnos que avancen a un ritmo de aprendizaxe maior para desenvolver máis polo miúdo cuestións relativas a autores ou temas determinados en cada unidade (análise de textos, breves investigacións, máis lecturas etc.) que favorezan o traballo autónomo e permitan a cada un aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
No caso de que ao longo do curso se detectase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.
A atención á diversidade coordinarase co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual. | X | X | X | | | | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.3 - A competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial. | X | | | | | | | |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A igualdade de xénero. | X | X | | | | | X | X |
| ET.8 - A creatividade. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual. | X | X | X |
| ET.3 - A competencia dixital. | X | X | X |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial. | | | |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X |
| ET.6 - A educación emocional e en valores. | X | X | X |
| ET.7 - A igualdade de xénero. | X | X | X |
| ET.8 - A creatividade. | X | X | X |

**Observacións:**

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín.
2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais.
3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro.
4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na UD1, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana.
5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano.
6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula.
7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamente e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo.
8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Asistencia á charla dun especialista de historia local. O pasado romano de Vedra, vestixios materiais | O alumnado asistirá a un encontro co autor | X | | |
| Saída didáctica a un punto de interese cultural da Gallaecia romana | O alumnado realizará unha saída didáctica. | | X | |
| Asistencia a un espectáculo relacionado co mundo romano (véx. teatro ou outros) | Esta saída farase tendo en conta a oferta cultural relativa a distintos espectáculos existente en Santiago ou noutros puntos de Galicia | | | X |

**Observacións:**

Todas as actividades que deseguido se presentan teñen relación directa coa materia, polo que nin se consideran nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.
O número de actividades programadas non excede de tres por curso, desagregadas unha por trimestre segundo se detalla a continuación.
No 1.º trimestre, organizarase unha charla-encontro co investigador local Henrique Neira gran coñecedor da historia do concello e que achegará ao alumnado de Latín, o pasado romano da comarca a partir dos restos que inda se conservan (ex. o miliario da Gándara e o tesouriño de Sarandón).
No 2.º trimestre prevemos unha saída didáctica, que poderá ser un lugar de interese na comarca ou fóra dela ligada á civilización romana na Gallaecia e no 3.º trimestre optaremos por asistir a algún espectáculo (teatro), visita a museos etc.
Estas propostas poderán adaptarse en función da oferta cultural que poida chegar ao centro desde distintos ámbitos (universidade, museos, Administración autonómica e local, asociacións culturais etc.) ao longo do curso.
As que se desenvolvan fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais dos alumnso/as e figurarán na PXA do centro.
Desde esta materia participarase activamente en todas aquelas actividades promovidas dende o EDLG do centro e, particularmente, nas derivadas do proxecto de dinamización patrimonial Vedra medra (recollida de léxico, estudo etimolóxico da toponimia local, análise da antroponimia propia de Vedra etc.)

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. |
| Metodoloxía empregada |
| 2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. |
| Clima de traballo na aula |
| 1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. |
| 5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación. |

**Descrición:**

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro revisaremos con regularidade tanto os contidos coma os tempos e o modo en que se está a traballar na aula e verificaremos os que se corresponden co establecido na programación.
En caso de que haxa diverxencias, estas e as súas causas serán consignadas nas actas de departamento para, ao final do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte.
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A profesora, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, ten unha previsión dos resultados que alcanzarán os/as alumnos/as en base ás súas observacións diarias na aula.

Este acerto na previsión permitirá á profesora dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.
3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro fíxose a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo estaba identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da profesora na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación.
Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.
Ao remate de cada unidade didáctica procederase a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, farase, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.
2. Procedemento de avaliación.
Para avaliar a programación ao final do curso teranse en conta os seguintes parámetros:
a. Resultados académicos do grupo.
b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.
A valoración do grao de cumprimento destes indicadores dará pé a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se reflectirán na memoria de final de departamento e mais na programación do seguinte curso.

## 9. Outros apartados